

I FORO  
ATLÁNTICO  
EMPRESARIAL

26 XUÑO 2024



ELLO DE  
VIMIANZO

CONCELLO DE  
VIMIANZO


CONCELLO DE  
VIMIANZO

CONCELLO DE  
VIMIANZO

CONC  
VIM



D<sup>a</sup> Beatriz Sestayo Doce  
Xerente de SEA





**MARÍA RIVAS LÓPEZ**

SUBDELEGADA DEL GOBIERNO EN A CORUÑA

La celebración del I Foro Atlántico Empresarial organizado por SEA en Vimianzo, un ayuntamiento rural que forma parte de la Costa da Morte, es toda una declaración de intenciones; apoyar el desarrollo empresarial y el suelo industrial para generar oportunidades en el territorio.

Un mensaje que encaja a la perfección con la acción del Gobierno de España, que a través de las palancas que nos brinda el Plan de Recuperación, trabaja para abordar las necesidades específicas de los municipios rurales, centrando su acción en el desarrollo sostenible, la mejora de las infraestructuras la digitalización y la promoción de la economía local.

Para ello es necesario acercarse a cada territorio y poner en valor el trabajo de las pequeñas y medianas empresas, de las emprendedoras y emprendedores, de las mujeres y hombres, que con esfuerzo, creatividad y trabajo crean empleo y oportunidades, dinamizan la economía local y son agentes transformadores de su territorio.

Por ello, es importante promover y apoyar iniciativas como el Foro Atlántico Empresarial, para favorecer el trabajo creativo y los espacios de intercambio de experiencias, que permitan la creación de redes de colaboración, de crecimiento, de sinergias que contribuyan al avance social y al dinamismo económico.

Trabajamos para apoyar al tejido empresarial en la creación de riqueza, porque ello contribuye a la mejora de las condiciones de vida y trabajo de las personas que habitan nuestros pueblos; especialmente los que se encuentran en zonas de reto demográfico, favoreciendo la lucha contra

la despoblación, uno de los grandes retos de nuestra provincia y del conjunto del país.

Desde el Gobierno de España, a través del Plan de Recuperación, ponemos a disposición del tejido económico muchas herramientas para avanzar decididamente en un nuevo modelo de desarrollo económico, más sostenible, más igualitario, más solidario y más resiliente.

Un modelo comprometido con la modernización, con la digitalización, con el apoyo al emprendimiento, con la mejora del dinamismo de nuestra economía, pero también con la sostenibilidad de toda la actividad empresarial, con la mejora de los servicios en el territorio, con la creación de empleo y con la mejora de las condiciones laborales. En el convencimiento de que avanzar juntos en todos estos ámbitos es lo que puede dar respuesta a las necesidades de nuestra sociedad.

Por ello seguiremos trabajando en dar apoyo a la instalación de empresas, con la implicación de Suelo Empresarial Atlántico, que está haciendo una gran labor y que tan buenos resultados está dando en nuestra provincia.

Este Gobierno es el que mayor cantidad de fondos públicos ha movilizad para apoyar y favorecer a la industria, la empresa y al emprendimiento; y además somos el Gobierno que ejecuta sobre la base del diálogo y de la cooperación permanente con las empresas, con las asociaciones, con los colectivos y también con el resto de administraciones. Y así seguiremos trabajando.

**MÓNICA RODRÍGUEZ**

ALCALDESA DO CONCELLO DE VIMIANZO

Para Vimianzo o Parque Empresarial é un elemento de vital importancia para o seu desenvolvemento. Contar con este solo é, sen dúbida, fundamental para a nosa economía local. De feito, nos últimos anos fomos testemuñas do avance e progreso do mesmo coa adquisición de novas parcelas e a instalación de novas empresas, o que demostra a súa crecente actividade.

Para nós o parque é sinónimo de progreso, de vida... sendo imprescindible a súa actividade para a creación de emprego e a fixación da poboación, dous pilares clave para un futuro mellor e de prosperidade. En definitiva, poderíamos definilo coma un motor de oportunidades para o noso municipio.

Neste eido, só podó felicitar e agradecer o enorme traballo de SEA, xa que o seu labor fai que a incorporación de novas empresas ao noso tecido industrial sexa moito máis áxil e accesible. Grazas á súa xestión, seguimos crecendo e consolidando o noso parque empresarial coma un espazo atractivo e competitivo para as empresas, no que cada vez máis emprendedores están interesados e interesadas en asentar os seus negocios.

Como alcaldesa, eu estou completamente comprometida a seguir traballando para asegurar que siga así e facer, de maneira conxunta e coordinada, que este espazo continúe sendo unha fonte de oportunidades para Vimianzo e a nosa xente.





**BEATRIZ SESTAYO**

GERENTE DE SUELO EMPRESARIAL DEL ATLÁNTICO

Iniciamos con este Foro y esta publicación un camino a fin de acercar la empresa pública Suelo Empresarial del Atlántico, a las personas destinatarias, esto es, las personas con iniciativa para crear empleo y prosperidad en Galicia, así como a todos los operadores , administraciones públicas, organismos que participan de dicha tarea así como de la labor de ordenación y planificación del territorio.

En los últimos años el impulso dado a SEA desde lo público, en permanente colaboración institucional e interlocución empresarial , ha permitido ocupar al 100% polígonos empresariales antes vacíos, y ayudar con ello a los objetivos de asentamiento poblacional, generación de prosperidad, planeamientos sostenibles del territorio.... Somos conscientes de la necesidad de seguir trabajando en diálogo permanente con la sociedad y personas emprendedoras, así como siendo observadores proactivos de las nuevas realidades económico-empresariales a fin de generar mejores dinámicas de creación de empleo.

Quiero dar las gracias, en nombre de SEA al Concello de Vimianzo que ha sido un anfitrión perfecto de este primer Foro, así como a todas las personas intervinientes como ponentes o como público en el mismo , generando aportaciones valiosísimas que adjuntamos para conocimiento general en esta publicación.

Esperamos veros en sucesivas convocatorias. Gracias .



CONSUELO DOMINGO MUÑOZ  
ANTONIO E. GUDÍN RODRÍGUEZ-MAGARIÑOS  
ISABEL E. JIMÉNEZ DE LUCAS  
LUCÍA LÓPEZ MORENO  
BEATRIZ SESTAYO DOCE (COORD)

EMPRESA, URBANISMO E TERRITORIO



# DEREITO DE SUPERFICIE

**JOSE REY HERMIDA**

AVOGADO E RESPONSABLE COMERCIAL DE SUELO EMPRESARIAL DEL ATLÁNTICO



Instalarse nun parque empresarial ofrece, entre outras vantaxes: seguridade xurídica, unha ubicación con todos os servizos dispoñibles, a posibilidade de xerar sinerxias con outros emprendedores,...

Para facilitar este proceso, Suelo Empresarial del Atlántico (SEA) creou unha nova fórmula de comercialización de parcelas nos parques empresarias que xestiona. É o dereito de superficie con opción de compra.

Neste réxime xa se ofertaron un total de 42 parcelas, que supoñen 43.000 metros cuadrados de superficie. Hai que destacar que, en apenas un ano, formalizáronse seis parcelas elixindo esta modalidade.

O espírito deste instrumento é que o custe de adquisición do terreo non sexa un lastre para iniviar a actividade empresarial; e que a capacidade, músculo financeiro ou tesorería esté dedicada á execución material do proxecto.



Vexamos unhas simulacións de canon:

- » Nunha parcela de 700 metros cuadrados pagaríamos unha renta (canon) os dous primeiros anos de 700 euros ao ano.
- » Nunha parcela de 1.200 metros cuadrados (a máis frecuente no parque de Vimianzo) o prezo de compra ascendería a 57 euros/m<sup>2</sup>.
- » Canon anual/año 1 2: 1.000 euros año.
- » Canon anual/año 3 y 4: 1.700 euros año.
- » Canon anual año 5 y siguientes: 2.400 euros año.

El plazo máximo de duración del derecho de superficie serían 30 años; y el plazo para ejercitar la opción de compra, cinco años, aunque excepcionalmente y de forma debidamente motivada, podría prorrogarse hasta los diez años.



## OBLIGACIONES DEL SUPERFICIARIO

- ▶▶ Obtener la licencia de obras dentro del primer año desde la firma de la adquisición a través de la modalidad de derecho de superficie.
- ▶▶ Concluir la edificación proyectada en la parcela y obtener la habilitación correspondiente para la primera actividad en el plazo de dos años. Este trámite podría ser prorrogable a dos años más –a contar desde la fecha de formalización de la escritura de constitución del derecho de superficie–, tras la presentación de una solicitud debidamente justificada por problemas en la tramitación y obtención de la licencia de obras o en la ejecución de las mismas. En resumen, en el plazo ordinario de dos años (prorrogable a 2 años más) se debe haber ejecutado la nave e iniciado la construcción.



PARQUE EMPRESARIAL DE VIMIANZ

Parcela	Superficie m <sup>2</sup>	Uso	Precio opción de compra €/m <sup>2</sup> (sin actualización)	Precio opción de compra (sin actualización)	Canon base de licitación 1º y 2º año
A.1	1.197,43	Mixto	57,00	68.253,51 €	1.023,80 €
A.2	1.199,84	Mixto	57,00	68.390,88 €	1.025,86 €
A.3	1.177,90	Mixto	57,00	67.140,30 €	1.007,10 €
A.4	1.198,72	Mixto	57,00	68.327,04 €	1.024,91 €
A.5	1.198,98	Mixto	57,00	68.341,86 €	1.025,13 €
A.6	1.198,66	Mixto	57,00	68.323,62 €	1.024,85 €
A.7	1.195,86	Mixto	57,00	68.164,02 €	1.022,46 €
A.8	1.197,11	Mixto	57,00	68.235,27 €	1.023,53 €
A.9	1.199,01	Mixto	57,00	68.343,57 €	1.025,15 €
G.1	895,45	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	60.442,88 €	906,64 €
G.2	684,00	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	46.170,00 €	692,55 €
G.3	690,72	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	46.623,60 €	699,35 €
G.4	691,46	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	46.673,55 €	700,10 €
G.5	690,83	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	46.631,03 €	699,47 €
G.6	691,65	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	46.686,38 €	700,30 €
H.1	893,74	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	60.327,45 €	904,91 €
H.2	684,01	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	46.170,68 €	692,56 €
H.3	692,53	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	46.745,78 €	701,19 €
H.4	692,70	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	46.757,25 €	701,36 €
H.5	667,38	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	45.048,15 €	675,72 €
H.6	691,37	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	46.667,48 €	700,01 €
I.1	1.294,98	Industrial	57,00	73.813,86 €	1.107,21 €
I.2	1.319,53	Industrial	57,00	75.213,21 €	1.128,20 €
I.3	1.344,98	Industrial	57,00	76.663,86 €	1.149,96 €
I.4	1.347,05	Industrial	57,00	76.781,85 €	1.151,73 €
I.5	1.335,36	Industrial	57,00	76.115,52 €	1.141,73 €
I.6	1.331,15	Industrial	57,00	75.875,55 €	1.138,13 €
I.7	1.325,19	Industrial	57,00	75.535,83 €	1.133,04 €
I.8	1.311,93	Industrial	57,00	74.780,01 €	1.121,70 €
I.9	1.298,52	Industrial	57,00	74.015,64 €	1.110,23 €
I.10	1.250,80	Industrial	57,00	71.295,60 €	1.069,43 €
I.12	1.235,47	Industrial	57,00	70.421,79 €	1.056,33 €
I.13	1.219,64	Industrial	57,00	69.519,48 €	1.042,79 €
I.14	1.207,75	Industrial	57,00	68.841,75 €	1.032,63 €
I.19	1.214,39	Industrial	57,00	69.220,23 €	1.038,30 €
I.20	1.239,20	Industrial	57,00	70.634,40 €	1.059,52 €
M.1	839,74	Terciario	67,50	56.682,45 €	850,24 €
M.2	854,69	Terciario	67,50	57.691,58 €	865,37 €
M.3	854,23	Terciario	67,50	57.660,53 €	864,91 €
N.1	837,52	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	56.532,60 €	847,99 €
N.2	855,88	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	57.771,90 €	866,58 €
N.3	855,00	Terciario-Industrial 1º cat	67,50	57.712,50 €	865,69 €



O - DERECHO DE SUPERFICIE 2023

€M²	Canon base de licitación 3º y 4º año	€M²	Canon base de licitación años siguientes	€M²
0,86	1.706,34 €	1,43	2.388,87 €	2,00
0,86	1.709,77 €	1,43	2.393,68 €	2,00
0,86	1.678,51 €	1,43	2.349,91 €	2,00
0,86	1.708,18 €	1,43	2.391,45 €	2,00
0,86	1.708,55 €	1,43	2.391,97 €	2,00
0,86	1.708,09 €	1,43	2.391,33 €	2,00
0,86	1.704,10 €	1,43	2.385,74 €	2,00
0,86	1.705,88 €	1,43	2.388,23 €	2,00
0,86	1.708,59 €	1,43	2.392,02 €	2,00
1,01	1.511,07 €	1,69	2.115,50 €	2,36
1,01	1.154,25 €	1,69	1.615,95 €	2,36
1,01	1.165,59 €	1,69	1.631,83 €	2,36
1,01	1.166,84 €	1,69	1.633,57 €	2,36
1,01	1.165,78 €	1,69	1.632,09 €	2,36
1,01	1.167,16 €	1,69	1.634,02 €	2,36
1,01	1.508,19 €	1,69	2.111,46 €	2,36
1,01	1.154,27 €	1,69	1.615,97 €	2,36
1,01	1.168,64 €	1,69	1.636,10 €	2,36
1,01	1.168,93 €	1,69	1.636,50 €	2,36
1,01	1.126,20 €	1,69	1.576,69 €	2,36
1,01	1.166,69 €	1,69	1.633,36 €	2,36
0,86	1.845,35 €	1,43	2.583,49 €	2,00
0,86	1.880,33 €	1,43	2.632,46 €	2,00
0,86	1.916,60 €	1,43	2.683,24 €	2,00
0,86	1.919,55 €	1,43	2.687,36 €	2,00
0,86	1.902,89 €	1,43	2.664,04 €	2,00
0,86	1.896,89 €	1,43	2.655,64 €	2,00
0,86	1.888,40 €	1,43	2.643,75 €	2,00
0,86	1.869,50 €	1,43	2.617,30 €	2,00
0,86	1.850,39 €	1,43	2.590,55 €	2,00
0,86	1.782,39 €	1,43	2.495,35 €	2,00
0,86	1.760,54 €	1,43	2.464,76 €	2,00
0,86	1.737,99 €	1,43	2.433,18 €	2,00
0,86	1.721,04 €	1,43	2.409,46 €	2,00
0,86	1.730,51 €	1,43	2.422,71 €	2,00
0,86	1.765,86 €	1,43	2.472,20 €	2,00
1,01	1.417,06 €	1,69	1.983,89 €	2,36
1,01	1.442,29 €	1,69	2.019,21 €	2,36
1,01	1.441,51 €	1,69	2.018,12 €	2,36
1,01	1.413,32 €	1,69	1.978,64 €	2,36
1,01	1.444,30 €	1,69	2.022,02 €	2,36
1,01	1.442,81 €	1,69	2.019,94 €	2,36

\*habría que añadir iva.



# ADMINISTRACIÓN LOCAL E PROMOCIÓN ECONÓMICA DO TERRITORIO

**ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ**

DEPUTADA DE INDUSTRIA, EMPRESA, MEDIO AMBIENTE, EMPREGO E POLÍTICA



## **SITUACIÓN SOCIECONÓMICA ACTUAL E PROBLEMÁTICAS NO ÁMBITO DA PROVINCIA DA CORUÑA**

Os indicadores do Informe de Conxuntura Económica (ICE) avalan que a provincia coruñesa segue sendo “o motor económico de Galicia, concentrado o 44% do PIB galego e o 50% das exportacións”. Este informe, presentado en novembro de 2023, foi elaborado por un equipo investigador composto por cinco expertos economistas e profesores da Universidade de Santiago de Compostela

O informe constata que en 2022 a taxa de desemprego na provincia diminúe ata o 10,11%, por debaixo dos niveis previos á pandemia.

A provincia da Coruña caracterízase pola súa extensa superficie, que abarca case un 27 % do territorio galego. En 2024, concentra preto do 42 % da poboación da comunidade. Durante a última década, experimentou un incremento demográfico coa aparición de 48 novos núcleos de poboación, sendo Betanzos e Eume as comarcas con maior crecemento. Non obstante a provincia evoluciona cara unha estrutura de poboación activa progresivamente envellecida e con dificultade para garantir o relevo. Este desequilibrio farase especialmente evidente a partir de 2024 cando se inicie a xubilación masiva do continxente do “Baby boom”.

Dentro dun contexto nacional de crecemento demográfico bruto produciuse un despoboamento das zonas rurais, o que no é alleo a provincia da Coruña. Desde o ano 2001 ata 2019, a poboación española pasou de 41.116.842 habitantes a 47.026.208; con todo, nese mesmo período perderon poboación o 62,7% dos municipios españois. Paralelamente acrecentouse o envellecemento da poboación. Nas zonas rurais esta porcentaxe chega ao 24,5% da poboación, é dicir, que case 1 de cada 4 persoas é maior de 64 anos.

Sendo conscientes desta realidade, dende as administracións públicas viñemos deseñando unha serie de medidas e plans, que teñen a súa última concreción nas “130 Medidas fronte ao Reto Demográfico” que se aliñan co “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, e os seus catro eixos prioritarios, para garantir a incorporación dos pequenos municipios nunha recuperación verde, dixital, con perspectiva de xénero, e inclusiva.

## **RETOS QUE SE FIXA A DEPUTACIÓN FRONTE A ESTA SITUACIÓN DE FEITO**

Na estratexia da Deputación da Coruña temos identificados 5 retos ou desafíos que debemos abordar a nivel provincial: o despoboamento, a transición ecolóxica, a igualdade de xénero, a dixitalización e a mellora da empregabilidade.

Para buscar solucións e facer propostas que respondan a estes desafíos, o primeiro é ter elaborado un bo diagnóstico provincial, e no noso caso este traballo está feito, sobre todo en materia de emprego e desenvolvemento económico.

En canto ao reto do despoboamento, está moi vencellado co reto da dixitalización na que se aposta polas tecnoloxías como ferramenta para impulsar o crecemento económico, a innovación, combater as diferenzas

territoriais e mellorar a calidade de vida das persoas. A Deputación da Coruña leva anos apostando por un futuro dixital, cun investimento de máis de dezaseis millóns de euros nos últimos cinco anos, situando á nosa provincia na vangarda de Galicia canto á administración dixital se refire.

Supón un cambio de paradigma cara un modelo de administración pública que contempla a dixitalización como unha ferramenta de carácter transversal que nos permitirá abordar os retos aos que nos enfrontamos. A nosa estratexia dixital será unha aliada para afrontar o nivel de envellecemento da cidadanía, a loita contra a despoboamento e a posta en valor do territorio rural, promovendo o desenvolvemento sostible, a mellora dos servizos públicos e asegurando que o esforzo na dixitalización da administración pública local se traduza nun incremento da calidade de vida das persoas.

Hai un firme compromiso da Deputación por consolidar a transformación dixital, que será xunto coa transición ecolóxica, a cohesión territorial e a igualdade unha das prioridades da nosa axenda política.

#### **MEDIDAS ESTRATÉXICAS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA APOIAR AO RURAL E FREAR A CRISE DEMOGRÁFICA**

A Deputación ven de por en marcha a Axenda rural e urbana da provincia da Coruña que permite desenvolver unha estratexia para o desenvolvemento sostible da Provincia da Coruña, en liña coa a axenda política da Deputación da Coruña, que prima a posta en valor do rural, a descentralización de servizos públicos, a competitividade empresarial e a xeración de emprego, como ferramentas para atraer poboación en zonas de reto demográfico.

Ademais no ano 2016 a Deputación crea o Plan de Emprego Local (PEL), como estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible do territorio e que se concibe como un pilar fundamental para reter a poboación en áreas rurais, ofrecendo oportunidades laborais atractivas e sostibles. Ao xerar emprego localmente, logramos que máis persoas opten por quedarse nas súas comunidades en lugar de migrar a contornas urbanas en busca de traballo.

Hai que destacar que as Deputacións non teñen competencias en materia de emprego, polo que a Deputación da Coruña tivo que solicitar a competencia á Xunta de Galicia para poder por en marcha este ambicioso plan que constitúe o primeiro plan de emprego da historia da Deputación

da Coruña. Isto demostra unha clara vontade política desta institución por crear proxectos para a mellora do emprego no rural e axudar a frear así a crise demográfica.

## RESUMO DOS PROGRAMAS OU INICIATIVAS PRINCIPAIS DO PEL

O Plan se estrutura en varias liñas de subvención. Por un lado as liñas de apoio á contratación de persoal:

- ▶▶ PEL-Pemes: esta liña inclúe dous tipos de axuda para a contratación de persoal nas pemes da provincia situadas en concellos de menor poboación (menos de 20.000 habitantes). Unha axuda na que se subvenciona o 70% dos gastos de contratación pola creación dun novo emprego durante un ano e a outra axuda se subvenciona o mantemento deses empregos creados con contrato indefinido durante o segundo ano de contratación cunha axuda que acada o 50% destes gastos.
- ▶▶ Desde a creación do Plan de Emprego Local coas liñas de contratación de persoal creáronse 2.500 postos de traballo de calidade cun investimento de mais de 28 millóns de euros.
- ▶▶ PEL-Concellos: esta axuda destínase aos concellos para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais básicos nos concellos da provincia.
- ▶▶ Por outro lado están as liñas que apoian os proxectos de investimento nas pemes e as cotas dos autónomos e autónomas:
- ▶▶ PEL-Emprende: se estrutura tamén en dous tipos de axuda, a de INVESTIMENTO, que subvenciona ata o 70% dos gastos de investimento das empresas da provincia, podendo solicitar as pemes ata 17.500,00 euros, o que supón unha importante axuda para as novas empresas do rural. A outra axuda subvenciona o financiamento das cotas sociais das persoas autónomas situadas en concellos de menor poboación cun importe de ata 2.400 euros anuais.
- ▶▶ Por outra banda a Deputación creou unha Rede de 11 espazos de traballo colaborativo de coworking ubicados en distintas zonas da provincia con ao redor de 200 profesionais emprendedores e novas empresas especializados en diversos sectores (arquitectura, agroalimentario, audiovisual, tecnoloxía...).



- ▶ Co fin de dinamizar a Rede, en 2023 convocouse por primeira vez unha liña de axudas para sufragar os custos de contratacións externas de servizos profesionais ás que poden acceder todos os concellos da provincia e entidades que dispoñan de centros de traballo adheridos á mesma co obxecto de subvencionar os custos de funcionamento, xestión, e dinamización dos centros de coworking adheridos á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo.
- ▶ Ademais convócase un Premio Provincial á mellor Iniciativa Empresarial destinado a emprendedores novos, consolidados e asociacións empresariais, que ten o potencial de fortalecer a contorna empresarial local, promover a innovación, a sustentabilidade, xerar emprego e recoñecer o valor das empresas e asociacións locais, contribuíndo así a frear o despoboamento rural e a crise demográfica na provincia.

### **MEDIDAS ESPECÍFICAS DENTRO DESTE PLAN PARA FOMENTAR O EMPREGO E O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO NAS ZONAS RURAIS E EVITAR O DESPOBOAMENTO**

A Comisión de Despoboamento da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) indicou en 2017 na “Listaxe de medidas para loitar contra o despoboamento en España” que era necesario que o despoboamento se incorporase como un criterio á hora de distribuír fondos a escala europea, nacional e autonómica.

É por iso que a Deputación da Coruña foi articulando diferentes medidas dirixidas a concellos, empresas e á poboación en xeral onde o factor da poboación do municipio é determinante. Nas axudas do PEL se teñen en conta este criterio da poboación.

Nas liñas de axudas para incentivar a contratación de persoal (PEL-Pemes) e a que apoia o financiamento das cotas sociais de persoas autónomas (PEL-Autónom@s) están dirixidas directamente a afrontar os principais desafíos do Reto demográfico, como é o despoboamento e o progresivo envellecemento da poboación da provincia, por iso están exclusivamente dirixidas a pemes establecidas en concellos pequenos, de menos de 20.000 habitantes.

En concreto a liña de mantemento do cadro de persoal das pemes se centra en apoiar aquelas empresas que realizan contratos indefinidos no rural e esta axuda apoia o mantemento deses contratos durante 2 anos, período que creemos necesario para que eses empregos se manteñan na empresa e acaben sendo estruturais e permanentes.

Nesta axuda para o mantemento da contratación se concede un maior importe de subvención polo mantemento da contratación de colectivos que están en situación de vulnerabilidade (como son os desempregados de longa duración, as mulleres, os maiores de 45 e menores de 30 anos, así como as persoas con diversidade funcional). A priorización destas empresas favorece que aqueles colectivos vulnerables que residen no rural teñan a oportunidade de ser contratados polas empresas locais e ter un contrato indefinido.

Na liña de investimento (PEL-Emprende) ao proporcionar axudas para investimentos en activos empresariais como maquinaria, mobiliario e equipos de oficina, incentívase o desenvolvemento de negocios locais, o que pode mellorar a infraestrutura comercial e de servizos no medio rural, o que á súa vez fai que estas áreas sexan máis atractivas para vivir e traballar estimulando a actividade empresarial, contribuíndo á modernización das actividades económicas locais e aumentando a competitividade das empresas rurais que mellorarían a súa capacidade para atraer e reter talento local.

Da análise dos datos cuantitativos, extráese que no ano 2023, un 82% das solicitudes concedidas na liña PEL-Emprende Investimento foron para empresas sitas en concellos de menos de 20.000 habitantes.

Outra medida específica que se leva a cabo en todas as liñas de subvención para as pemes é que nos criterios de valoración de todas as solicitudes das axudas PEL se priorizan aquelas solicitudes de pemes do rural sitas en concellos con menor poboación e tamén por outra banda as pequenas empresas daqueles sectores estratéxicos que impulsan e diversifican a economía local (Agricultura, gandería, pesca, comercio, turismo...). Estes criterios de valoración constitúen unha medida que trata de incidir no problema do despoboamento e fomentar o desenvolvemento económico en áreas que a miúdo teñen menos oportunidades que as zonas urbanas.

A través dos centros de coworking adheridos á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, facilítase o acceso a espazos de traballo colaborativo, o que atrae a emprendedores e profesionais a establecer as súas actividades nestas zonas rurais, contribuíndo á creación de emprego, ao fortalecemento da economía local, contrarrestando así o despoboamento ao xerar interese en vivir e traballar nestas zonas.

Cabe subliñar que esta rede de coworking posta en marcha en 2019 foi pioneira en Galicia, e a maioría dos espazos de traballo están situados en concellos rurais, de menos de 20.000 habitantes.



Como exemplo da vinculación desta Rede coa dinamización do comercio rural pódese expor o caso dos coworkings de Brión e o de Moeche que están especializados no sector primario e máis en concreto na transformación alimentaria: transforman os alimentos cultivados e elaborados por agricultores e gandeiros da zona para a súa comercialización, facilitando así o negocio destes produtores locais.

A Deputación financiou tamén a adquisición da maquinaria da que dispoñen todas as pemes establecidas nesas coworkings para a transformación dos alimentos.

No coworking de Brión se acolle por exemplo a un proxecto empresarial interesante que se adica á transformación de produtos agroalimentarios dirixidos aos comedores escolares desas zonas.

A través desta Rede se promove a colaboración entre os entornos rurais e urbanos e se establecen redes de cooperación entre empresas rurais e urbanas para intercambiar recursos, promocionar produtos locais en áreas urbanas e viceversa, fomentando así o desenvolvemento mutuo e a complementariedade entre ambas áreas.

No ano 2022 a Deputación da Coruña ten posto en marcha a Oficina Next Deputación en A Capela, para a captación e tramitación de fondos Next Generation desde a que temos solicitado máis de 11 millóns de euros a través de diferentes convocatorias, das cales o 51% están destinadas a proxectos empresariais.

Este centro da Deputación da Coruña é o primeiro de Galicia creado especificamente para dar apoio aos municipios da provincia na captación e xestión de proxectos susceptibles de ser financiados con fondos Next Generation da Unión Europea.

A Deputación destina uns 600.000 euros ao funcionamento deste servizo e da asesoramento aos 93 concellos da provincia co obxectivo de posicionalos como potenciais beneficiarios dos fondos europeos. O noso obxectivo é situar á provincia da Coruña á vangarda de España neste ámbito e que ningún concello perda esta oportunidade histórica por falta de medios técnicos.

Se ten posto en marcha tamén a Oficina Acelerapyme en Ponteceso que permite ás pemes, persoas autónomas ou emprendedoras acceder directamente ao Kit dixital e obter asesoramento directo e especializado para afrontar o seu proceso de dixitalización ou obter formación e información sobre ferramentas de financiamento que se adaptan ás súas necesidades.

A Deputación ten asinado convenios con entidades do terceiro sector para o desenvolvemento de acordos de colaboración para potenciar o autoemprego e emprendemento. Un bo exemplo foi o convenio asinado en 2021 adicado ao Marketing Dixital, Empregabilidade e Cooperativismo, dirixido a colectivos en situación de vulnerabilidade así como á mocidade desempregada.

### **REPERCUSIÓN A NIVEL CUANTITATIVO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL NA RETENCIÓN DE POBOACIÓN NAS ÁREAS RURAIS DA PROVINCIA**

Nestes últimos oito anos o PEL investiu na provincia máis de 112 millóns de euros en axudas e proxectos para a mellora da competitividade das pequenas e medianas empresas e a creación directa de máis de 7.196 empregos.

En cifras deste ano 2024,

- ▶▶ Preto de 4 millóns de euros a través da súa liña PEL-Emprende Investimento para respaldar a modernización de 427 negocios en toda a provincia.
- ▶▶ Máis de 1.000 persoas autónomas viron como lles foi concedida unha axuda para financiar as súas cotas sociais a través da liña PEL- Autónomos, sendo concedidas a totalidade das solicitudes que cumprían os requisitos por un valor total de 2,3 millóns de euros.
- ▶▶ Coas liñas de PEL- Pemes para contratación destináronse 5,3 millóns que fixeron posible a contratación de 489 persoas.

### **PROGRAMAS DE FORMACIÓN OU CAPACITACIÓN ESPECÍFICOS PARA TRABALLADORES DO ÁMBITO RURAL COMO PARTE DESTE PLAN**

A Deputación ten unha liña específica dedicada ao deseño e presentación de candidaturas ás convocatorias dos distintos programas de financiamento do Fondo Social Europeo (FSE) que máis se adecúan ás necesidades de desenvolvemento da provincia. Neste senso hai unha preocupación en poñer o foco en atraer mozos e mozas profesionais ao rural.

Nos últimos anos se teñen captado fondos para distintos proxectos de formación, por exemplo o Proxecto PEL- EIXO que tivo como obxectivo fixar poboación nos concellos rurais ofertando formación á mocidade

menor de 30 anos formación e a empregabilidade para ocupacións cualificadas e empregos de calidade nas zonas rurais.

O proxecto PEL-Emprego Sostible no Ámbito Rural, que tivo como finalidade mellorar a inserción sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social no territorio rural da provincia da Coruña, a través da activación de itinerarios integrados e personalizados de inserción sociolaboral.

Tamén se levou a cabo o proxecto PEL-Relevo que se articulou en Axudas á contratación de mozos e mozas no tecido empresarial rural, converténdose nun instrumento para favorecer o relevo xeracional no ámbito rural da provincia da Coruña e loitar contra o declive demográfico na área rural.

Outro proxecto interesante foi o PEL-Rurinnova que incidíu na mellora dos niveis de autoemprego e iniciativa empresarial entre as mozas e mozos menores de 30 anos no territorio rural da provincia da Coruña.

Son múltiples os proxectos de formación levados a cabo pola Deputación financiados con fondos europeos, destinados ao rural e cun impacto positivo sobre o mesmo

## **PLAN ÚNICO DA DEPUTACIÓN (POS +)**

Outros plans estratéxicos da Deputación que inciden no apoio ao rural:

A Deputación da Coruña ten aprobado un orzamento de 222 millóns de euros para 2024, co Plan único como principal programa de investimentos para o desenvolvemento rural nos pequenos municipios da provincia.

O Plan Único da Deputación da Coruña (POS+), é un proxecto estratéxico xa consolidado desta Deputación, cun incremento significativo dos importes da súa dotación en preto dun 10% para o exercicio no 2024 ata alcanzar os 50,5 millóns de euros.

Non podo deixar de poñer en valor o noso Plan Único como un exemplo de cogobernanza cos concellos e colaboración institucional que sempre presidiu a Deputación da Coruña. Un plan que permitiu converter aos concellos en protagonistas das súas decisións e da súa xestión ao decidir coa maior autonomía posible o destino dos fondos asignados. Realizar as obras programadas e pagar as facturas dos gastos correntes de servizos municipais esenciais, como a iluminación pública e a limpeza viaria, é posible para moitos concellos grazas ao POS+.

Hoxe os concellos coruñeses reciben entre 4 e 5 veces máis fondos que nos mandatos anteriores. A través do POS+ da Deputación da Coruña xa investimos nos concellos máis de 549 millóns e financiamos 3.920 obras.

A área de Emprego sobe un 24% o orzamento para 2024 e contempla o impulso a proxectos industriais estratéxicos como a biotecnoloxía, a economía circular e o sector audiovisual, coa construción do maior plató virtual de España na Cidade das TIC da Coruña.

Isto converte á Deputación da Coruña no principal axente inversor no rural na provincia da Coruña.

## **NOVA ÁREA DE MAR E MEDIO RURAL**

Liñas específicas para o sector do Mar e Medio Rural:

A aposta polo desenvolvemento do rural é tamén un eixo transversal da acción da Deputación da Coruña.

Precisamente neste mandato se ten creado unha área específica de Mar, Agro e Medio Rural, que disporá en 2024 dun orzamento de 8,9 millóns de euros, entre os que destacan os 661.000 € (+29%) destinados a axudas a confrarías de pescadores e mariscadores/as da provincia, os 818.000 € (+33%) para fomento agrícola e gandeiro ou o 1,3 millóns que se destinarán a promoción de produtos locais, artesanía e comercio.

## **CONCLUSIÓN**

Todos os plans estratéxicos e proxectos da Deputación están alineados cos dez obxectivos comúns da visión rural que representan as aspiracións comúns das comunidades rurais e as partes interesadas sobre o futuro das zonas rurais da UE en 2040.

Estas obxectivos, que xurdiron das numerosas conversacións mantidas cunha ampla variedade de persoas procedentes de zonas rurais moi diversas, constitúen a base común da visión e os obxectivos que se pretenden alcanzar a través do Plan de Acción Rural da UE e o Pacto Rural.

É fundamental garantir a consonancia e a complementariedade entre as políticas internacionais, nacionais e locais que afectan o desenvolvemento rural e maximizará os efectos positivos dos nosos esforzos colectivos.

A visión a longo prazo da UE e das administracións está dirixida a acadar unhas zonas rurais máis fortes, conectadas, resilientes e prósperas antes de 2040.

# COMUNICACIÓN E REDES SOCIAIS NAS EMPRESAS

**OLGA VILAR**  
XORNALISTA



A comunicación, a interacción cos demais, é de vital importancia no noso día a día, tanto a nivel persoal como profesional. Dentro das empresas, ter unha boa comunicación, tanto interna como externa, é sen dúbida garantía de éxito.

Deberíamos comezar distinguindo a comunicación verbal, é dicir, aquilo que dicimos, da non verbal, como o dicimos. Neste punto cabe destacar a chamada regra de Albert Mehrabian do 55-38-7. Dacordo con ela, o 55% da comunicación corresponde aos xestos e sinais, o 38%

ao ton e aos matices da nosa voz, e o 7% ao que dicimos verbalmente. Ou o que é o mesmo, de toda a nosa mensaxe, a comunicación verbal só representa un 7%. Isto reflicte o importante que é como dicimos as cousas, a atención que lle debemos prestar á nosa linguaxe corporal, aos nosos xestos, ao noso ton de voz.

Se isto pode ser máis ou menos relevante na relación coas nosas familias ou os nosos amigos, no caso da comunicación dentro da empresa é esencial. Moitas veces sen decatarnos, acabamos xerando malestar cun compañeiro non polo que lle dicimos, senón por como llo dicimos. Ese matiz pode determinar o éxito ou o fracaso da nosa mensaxe, que sempre debe ser clara e concisa, cun único interlocutor para evitar malentendidos, e sen esquecer a nosa linguaxe corporal.

A escoita activa, prestar atención ao que nos están dicindo, é fundamental. Se temos unha boa comunicación interna na empresa, é moito máis probable que atinemos na comunicación externa. Se falla a percepción que nós temos do noso lugar de traballo, cabe pensar que dificilmente poderemos trasladar ao exterior unha boa imaxe do mesmo. Como lle imos dicir aos demais que a nosa empresa é a mellor se nós só lle vemos eivas e problemas?

Unha vez que logramos esa boa comunicación interna, temos que ter claro que é o que lle queremos trasladar aos demais acerca da nosa compañía. Para iso debemos elixir e planificar ben as mensaxes, coidar e fomentar a imaxe da empresa con actividades respectuosas co medio ambiente ou patrocinando eventos solidarios, prestar un inmejorable servizo de atención ao cliente, e botar man das notas de prensa e das redes sociais para destacar aquilo que nos interese.

As redes sociais son hoxe en día unha ferramenta fundamental para as empresas porque, a diferenza de calquera outra, nos ofrecen un feedback inmediato. Podemos saber por exemplo se un novo produto funciona ou non, case ao mesmo tempo en que sae á venda e é mercado polos primeiros clientes. Os seus comentarios poden axudarnos a melloralo ou a cambiar de estratexia de promoción. Ademais as redes sociais aumentan a visibilidade da nosa marca e permítennos estreitar vínculos con clientes e con outras empresas e marcas.

Como toda ferramenta, teñen as súas vantaxes e as súas desvantaxes. Debemos ter claro cal é o noso público obxectivo e a natureza da nosa empresa, para decidir en que redes sociais nos convén ter presenza. Non debemos esquecer que esixen moito tempo e moita dedicación para ser

eficaces, e que se ben crealas non custa nada, mantelas si. O recomendable para ter garantía de éxito, saber como responder ás mensaxes negativas e solventar as temidas crises reputacionais, é recorrer a profesionais. Persoas formadas neste campo que van saber facerlle fronte aos múltiples desafíos que van ir xurdindo no día a día. Unha deficiente xestión das redes sociais pode comprometer, e moito, o futuro do noso negocio e a súa supervivencia.

En resume, unha boa comunicación é esencial para o éxito dunha empresa e a súa reputación. As posibilidades son case infinitas, pero son traballos para máis dun profesional se queremos triunfar: actualización da páxina web, contacto cos medios, notas de prensa, contidos para os blogs, contidos para redes sociais... Traballos para expertos en comunicación e para expertos en márketing, que a miúdo se ben desbordados por innumerables tarefas que non son quen de atender do xeito que precisan e merecen as súas empresas.









CONSUELO DOMINGO MUÑOZ  
ANTONIO E. GUDÍN RODRÍGUEZ-MAGARIÑOS  
ISABEL E. JIMÉNEZ DE LUCAS  
LUCÍA LÓPEZ MORENO  
BEATRIZ SESTAYO DOCE (COORD.)  
APOIO Á INSTALACIÓN DE EMPRESAS  
EN PARQUES EMPRESARIAIS



1. Tipologia de Processos Productivos sobre os métodos de organização

**Resposta à Pregunta**

Resposta à Pregunta


- Resposta à Pregunta
- Resposta à Pregunta
- Resposta à Pregunta
- Resposta à Pregunta
- Resposta à Pregunta

# AXUDAS DO IGAPE

JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ

SUBDIRECTOR DE ASESORAMIENTO EMPRESARIAL Y OFICINA ECONÓMICA

## QUE É A OFICINA ECONÓMICA DA XUNTA DE GALICIA?



A súa misión é operar como punto de acollida centralizado e singular da Xunta de Galicia para facilitar e axilizar a implantación, posta en marcha e desenvolvemento das iniciativas empresariais en Galicia. Está dirixida ás empresas e ás persoas autónomas ou emprendedoras.

A Oficina Económica presta servizos de información, atención, asesoramento, acompañamento e soporte individualizado, personalizado e especializado, facilitando a coordinación coas demais consellerías competentes no eido empresarial da iniciativa

En resumo, o obxectivo que ten a Oficina Económica da Xunta de Galicia é:

- ▶ Informar, asesorar, acompañar en...
  - ✓ Desenvolver unha iniciativa emprendedora
  - ✓ Implantar unha empresa en Galicia
  - ✓ Acceder a financiamento e apoios para investir, medrar ou ser máis competitivos
  - ✓ Transformación dixital

- ✓ Proxectos de innovación
  - ✓ Proceso de Internacionalización
  - ✓ Talento e a formación
  - ✓ Eficiencia enerxética, sustentabilidade e economía circular
  - ✓ Calquera outro pertinente)
- » Iniciativas estratéxicas
- ✓ Atracción de investimento
  - ✓ Identificar e asignar as iniciativas susceptibles de seren declaradas Proxectos Industriais Estratéxicos ou incluídas no Plan Autonómico de Impulso e Aceleración de Proxectos Industriais.
  - ✓ Impulsar a tramitación das iniciativas empresariais mediante a consulta a outros órganos ou entidades da Administración.
- » Innovación na administración
- ✓ Analizar as actividades económicas estratéxicas para Galicia, formulando propostas de mellora e realizando o seguimento das mesmas.
  - ✓ Elaborar informes anuais de actividade da Oficina
- » Mellorando
- ✓ A satisfacción das empresas
  - ✓ Os prazos administrativos
  - ✓ A cercanía e a atención

## **PINCIPIOS DE FUNCIONAMENTO**

Ofrecer un novo xeito de relacionarse coas empresas máis próximo, máis áxil, máis sinxelo, máis coordinado, máis personalizado, máis proactivo e involucrado e con máis apoios.

## **EXEMPLO REAL (EMPRENDEMENTO)**

Proxecto de turismo sostible para a construción de tres cabanas para descanso e desconexión. Espazo con rutas de senderismo xa creadas.

Existe finca con 5.000 m<sup>2</sup> con acceso a luz e auga. As cabanas terán as seguintes características [...] e construíranse en madeira do seguinte xeito [...]. Estímanse uns X.000 €/cabana. Os detalles do resto do proxecto son os seguintes [... Cerramento ... Valado ... Custes...]. Respecto ao traballo aportado, somos os seguintes socios [...] e traballarán as seguintes persoas [....].

En canto ao negocio, supoñemos un beneficio bruto por noite de X € e un nivel de ocupación Y, o cal levaría a uns ingresos de Z €. Entre os socios podemos aportar X €. Temos comprometido financiamento bancario por importe Y.

Resposta:


- ▶▶ Financiamento aplicable do Igape (IG257 – Reaval crecimiento (2024))
- ▶▶ Axuda do Inega a fondo perdido para proxectos de enerxías renovables (IN421S -Proyectos de enerxías solar fotovoltaica 2024-2025 (INEGA))
- ▶▶ Pista: en pouco tempo abrírase o prazo das axudas para obras en madeira (Ayudas para la realización de proyectos y obras que empleen productos de madera como elementos estructurales 2022 (XERA)) Tres días despois notificámoslles que xa se abriran.
- ▶▶ Sinerxía: coñecemos outra empresa galega que fabrica pasarelas baseadas en materiais reciclados, que poden servir para o acondicionamento do proxecto.

## **SISTEMA DE VIXILANCIA DE AXUDAS EMPRESARIAIS EN GALICIA, PARA DETECTAR PATRÓNS E RECOMENDALOS**

Descárganse continuamente do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (antes BDSN) todas as axudas –incluídas garantías e préstamos– concedidas para as principais empresas galegas (algo máis de 50.000). Desta maneira pódense segmentar estes apoios por data de concesión, localización, sector, tamaño da empresa e organismo que concede.

## **AXUDAS MÁIS RECOMENDADAS**

Os principais apoios que estamos recomendando a día de hoxe para novos investimentos son:



- ▶▶ Fondo perdido: Atracción de empresas–Emprende–Startups–kit dixital.
- ▶▶ Financeira: Préstamo–Reaval.
- ▶▶ Asesoramento e soporte: Re-acciona–Responde–Aceleradoras–punto PAE.
- ▶▶ Capital–“cuasicapital”: Enisa–Xesgalicia.
- ▶▶ Desenvolvemento local: GDR–GALP.

Cuestións a ter en conta:

- ▶▶ Nos gastos iguais ou superiores a 15.000 € deben achegarse 3 orzamentos que sexan comparables, non vinculados, con clara identificación da oferta e destinatario, data de emisión e validez.
- ▶▶ As empresas que perciban unha subvención superior a 30.000 € deberán:
  - ✓ Presentar declaración responsable, no caso de que presenten conta de perdas e ganancias abreviadas.
  - ✓ Noutros supostos, mediante certificación de auditora.
- ▶▶ Efecto incentivador: na maioría dos programas, ningún dos custos alegados no proxecto poderá ser comprometido nin incorrido con carácter previo á solicitude (orzamentos aceptados, contratos en firme, facturas proforma conformadas, etc.) Para estes efectos, a compra de terreos e determinados traballos preparatorios, como a obtención de permisos ou a realización de estudos previos de viabilidade, non se consideran inicio do proxecto.

# POLOS DE EMPRENDEMENTO

## UN LUGAR ONDE EMPRENDER

Cun propósito claro: que dispoñas de toda a axuda que precisas para acadar os teus obxectivos.

Se estás pensando en emprender ou xa tes un negocio en marcha que teña novos retos por diante, podes atopar axuda e apoio aos teus obxectivos no teu Polo de Emprendemento e Apoio ao Emprego.

Atendémoste dende os Polos que van estando operativos ou de forma online en toda Galicia.



## A FUNCIÓN DOS POLOS VAI MÁIS ALÓ

- ▶▶ Somos antena dos territorios, recollendo retos e necesidades do ecosistema empresarial.
- ▶▶ Identificamos e cubrimos as necesidades formativas do tecido empresarial.
- ▶▶ Creamos redes con outros axentes vinculados co emprendemento.
- ▶▶ Acompañamos e asesoramos ao persoal técnico dos polos.
- ▶▶ Metodoloxía validada e de éxito, adaptada a cada proxecto.
- ▶▶ Titorizamos con profesionais especialistas de primeiro nivel a través dunha rede de mentores.

## Ferramentas de apoio para o teu proxecto

- ▶▶ Titorización
  - ✓ Metodoloxía para emprender.
  - ✓ Acompañamento no proceso.
- ▶▶ Formación
  - ✓ Aula emprende.
  - ✓ Pílulas formativas.
- ▶▶ Ferramentas
  - ✓ Sistema de intelixencia territorial para o emprendemento.
  - ✓ Rede de contactos e networking.

## ETAPAS QUE POUCO A POUCO FAN EVOLUCIONAR O TEU NEGOCIO

- ▶▶ Etapa emerxer: estás a definir o negocio.
- ▶▶ Etapa explorar: a validación no mercado antes de lanzar o negocio.
- ▶▶ Etapa executar: a mellora dos procesos de negocio.
- ▶▶ Etapa expandir: novos retos e destinos para o teu emprendemento.

## TI MARCAS O RITMO

- ▶▶ Podes incorporarte á rede cando ti o precises, e ir ao teu ritmo.
- ▶▶ Cóntanos os teus obxetivos e nós axudámosche a acadalos.



- ▶▶ Un técnico dos Polos será quen te acompañe por todo o itinerario de formación e axuda.
- ▶▶ E, se o precisas, disporás de asesoramento técnico e mentorías especializadas sobre a temática do teu negocio.

## O POLO DE CORISTANCO

Presta servizo a 29 Concellos das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira, Barcala, Xallas, Muros, Noia e Barbanza, ofrecendo atención presencial ou telemática.





# AXUDAS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA ÁS EMPRESAS

**JOSÉ CARLOS DÍAZ**

TÉCNICO DE PROXECTOS DO PROGRAMA DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Un ano máis todas as axudas PEL serán compatibles entre sí. Deste xeito, unha persoa autónoma con domicilio fiscal nun concello de menos de 10.000/20.000 habitantes podería optar a un total de 45.900 euros entre as catro axudas.

	<b>AXUDA MÁXIMA</b>
PEL-Emprende Investimento	17.500 €
PEL-Autónom@s	2.400 €
PEL-Pemes Creación e Ampliación	15.000 €
PEL-Pemes Mantemento	10.000/11.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>49.900 €</b>

## PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO

- ▶ Obxecto: bienes inventariables (NOTA: condiciones que deben concurrir para ser inventariables, aunque no es una definición cerrada: 1) no ser fungibles ni de rápido deterioro por el uso, 2) duración previsible superior a un año, 3) importe relevante)
- ▶ Axudas a empresas e profesionais calquera que sexa a forma xurídica e da data de creación sempre que sexa anterior a convocatoria. Exclúense aquelas que teñan a consideración de gran empresa os efectos tributarios ( facturación superior a 6,010 millóns €), distinto del concepto de PYME del Plan general contable (umbrales) e do Anexo I del Reglamento (UE) 651/2014.

- ▶▶ Domicilio fiscal e , no ser caso, alomenos un centro de traballo nun concello de Coruña de poboación inferior a 10.000. Estes concellos son os que encabezan o ranking de perda de poboación ao que se suma a problemática de a que as persoas autónomas destes concellos máis pequenos son os que teñen menores taxas de empregabilidade e supervivencia dos seus negocios.
- ▶▶ Alta no censo de empresarios ( constando no certificado censal ) e/ou Reta no seu caso anterior a data de convocatoria.
- ▶▶ Constitucion sociedade antes convocatoria, acreditada pola inscrición no rexistro publico correspondente.

Neste contexto, a Deputación da Coruña adica un orzamento de 2.760.000 euros no ano 2024, para sufragar o 70% do orzamento de gasto das empresas en investimentos que resulten estritamente necesario para o desenvolvemento da actividade subvencionada, podendo optar a un importe máximo de 17.500,00 euros de axuda e un importe mínimo de 2.450 €, dentro dos seguintes códigos de concepto de gasto correspondientes ao plan de contabilidade:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA
206	Aplicacións informáticas
213	Maquinaria
216	Mobiliario
217	Equipos para procesos de información

#### PEL-AYTÓBOM@S

- ▶▶ Cotas non bonificadas. Excluénse os societarios.
- ▶▶ Alta no RETA e no censo actividades económicas ( constando no certificado censal ) cunha antiguidade máxima de 5 anos e previa a convoactoria.
- ▶▶ Domicilio fiscal e centro de traballo , no seu caso,en concellos de menos de 20.000 habitantes

Poden solicitar 200 euros por cada mes de cota subvencionable ata unha contía máxima de 2.400 € para sufragar ata un ano de cotas á Seguridade Social. Establécese tamén como requisito que o beneficiario solicite



un mínimo de seis mensualidades de cotas sociais correspondentes ao ano 2024, é dicir unha subvención mínima de 1.200 euros.

#### **PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN**

- ▶▶ Obxecto: contratación de 1 traballador en calquera modalida contractual e con independencia da xornada (salvo fixos-discontinuos, servizos previos nos 6 meses anteriores, relacións laborais de carácter especial do art. 2.1 ET; ejm. Directivos, servizo del hogar familiar, artistas, abogados nos seus despachos profesionais, discapacitados en centros especiais de emprego....)
- ▶▶ Domicilio fiscal e centro de traballo, no seu caso, en concellos de menos de 20.000 habitantes.
- ▶▶ Alta no RETA e no censo actividades económicas (constando no certificado censal) sen antigüidade máxima e previa a convocatoria: Exclúense aquelas que teñan a consideración de gran empresa os efectos tributarios (facturación superior a 6,010 millóns €).

Financiación dun máximo do 70% do custo da xornada completa ou parcial para contratos formalizados por duración mínima de 6 meses e máxima de 12 meses dentro da anualidade 2024.

A contía máxima da subvención a conceder é de 15.000 euros para as contratacións a xornada completa (40h) ou a parte proporcional correspondente naquelas contratacións realizadas a tempo parcial.

Gastos subvencionables:

- ▶▶ soldos
- ▶▶ salarios
- ▶▶ outros gastos sociais: IT e permisos de paternidad e maternidad.

### **PEL-PEMES MANTEMENTO**

Na nova convocatoria de PEL-PEMES Mantemento se subvencionarán ás empresas beneficiarias da convocatoria PEL-Pemes Creación e Ampliación 2022 que teñan realizado a contratación en modalidade indefinida inicialmente ou antes de presentar a solicitude de Mantemento 2023.O seu obxecto é financiar un máximo do 50% do custo de mantemento da contratación indefinida realizada na convocatoria anterior de Pemes Creación 2024, a xornada completa ou parcial, durante os 12 meses de 2024 para poder optar aos importes máximos da axuda.

En canto á contía da axuda se subvenciona ata un máximo de:

- ▶▶ 10.000 € polo mantemento dun contrato indefinido a xornada completa. (reducción proporcional en caso de jornada parcial)
- ▶▶ 11.000 € polo mantemento dun contrato indefinido a xornada completa e ademais no que a persoa contratada pertenza a algún dos colectivos vulnerables: Inscrito como desempregado de longa duración nos Servizos Públicos de Emprego, muller, menor de 30 anos, maior de 45 anos ou persoa con diversidade funcional.

Con esta liña de axudas para o mantemento do emprego se trata de promover o emprego estable indefinido e de calidade, así como apoiar a aqueles colectivos máis vulnerables que contan cunha maior dificultade para acceder a un emprego estable e que se incrementa enormemente cando están situados en municipios rurais, onde existe un maior desequilibrio entre oferta e demanda laboral.



# ESTRATEGIAS DO GALP COSTA DA MORTE. AXUDAS A EMPRESAS EN PARQUES EMPRESARIAIS

**GUILLERMO GONZÁLEZ DÍEZ**  
XERENTE



## **QUE É A EDLP MIRANDO POLO MAR DO GALP COSTA DA MORTE?**

A Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) é un documento baseado nos recursos e nas necesidades do territorio e cuantificado con obxectivos. Contou para o seu deseño coa participación de organizacións públicas e privadas implantadas no territorio, vinculadas aos sectores pesqueiro, social, económico e público.

No caso do GALP Costa da Morte será o documento que estableza que accións e proxectos son máis axeitados para o desenvolvemento do territorio conformado polos concellos de Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, A Laracha, Laxe, Malpica, Muxía, Ponteceso e Vimianzo.



## QUE UTILIDADE TEN?

A EDLP será o documento que estableza como impulsar e implementar iniciativas empresariais, medioambientais, culturais e sociais incluídas nun marco de liñas de actuación que permitan impulsar a competitividade do territorio, procurando un crecemento económico sostible, equitativo, inclusivo e xerador de emprego que mellore a calidade de vida da cidadanía e que, á súa vez, contribúan aos obxectivos no Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

## QUE OBXECTIVOS PERSEGUE?

A EDLP Mirando polo mar do GALP Costa da Morte ten como obxectivo xeral impulsar a competitividade do territorio, procurando un crecemento económico sostible, equitativo, inclusivo e xerador de emprego que mellore a calidade de vida da cidadanía. Os seus obxectivos estratéxicos son:

- ▶▶ Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministración dos produtos da pesca e da acuicultura, e mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.
- ▶▶ Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas devanditas zonas.
- ▶▶ Impulso e aproveitamento do patrimonio ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo as operacións de mitigación do cambio climático.
- ▶▶ Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo.
- ▶▶ Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.
- ▶▶ Cooperación.

## QUE LIÑAS DE ACTUACIÓN RECOLLE A EDLP?

A continuación detállanse as actuacións seguindo a orde lóxica de obxectivos estratéxicos e específicos:

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1

Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministración dos produtos da pesca e da acuicultura, e mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1.

Mantemento da actividade vinculada co mar e incremento do valor engadido dos produtos pesqueiros.

- ▶ Liña 1.1.1: Innovación nos procesos de comercialización, en especial, dos produtos da pesca costeira artesanal. As actuacións subvencionables son:
  - ✓ Mellora das canles curtas de comercialización na mesma comarca e/ou venda nas lonxas, en especial, a través da dixitalización de procesos
  - ✓ Desenvolvemento de novas canles de comercialización mediante alianzas de produtores para atender novos mercados: mercados de proximidade ou centrados en produtos de alto valor engadido. Campañas promocionais dos produtos da pesca costeira artesanal.
  
- ▶ Liña 1.1.2. Innovación na transformación dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura. As actuacións subvencionables son:
  - ✓ Mellora da manipulación, a clasificación e o envasado, e incremento do valor engadido dos produtos pesqueiros e os seus derivados en todas as fases da cadea de valor.

- ✓ Apoio á innovación para a creación de novos produtos de alto valor engadido, o aproveitamento de descartes ou a mellora dos procesos de transformación dos produtos pesqueiros.
  - ✓ Instalación de sistemas de clasificación de descartes para a súa posterior venda.
  - ✓ Accións de mellora, fortalecemento ou innovación nas actividades relacionadas co tratamento ou procesado de plantas mariñas.
  - ✓ Accións de mellora, fortalecemento e/ou innovación nas industrias auxiliares, que lles dan servizo ao sector pesqueiro ou aos orientados á transformación e posta en valor dos recursos mariños.
  - ✓ Impulso de proxectos de colaboración entre empresas ou co ecosistema de I+D+i (centros tecnolóxicos e universidades) para o desenvolvemento de novos produtos de alto valor engadido.
- ▶▶ Liña 1.1.3: Mellora da imaxe dos produtos da pesca costeira artesanal: sostibilidade e rastrexabilidade do produto. As actuacións subvencionables son:
- ✓ Implantación de sistemas de rastrexabilidade dos produtos (orixe, marca de garantía ambiental, información sobre a pegada de carbono ou taxa de retorno enerxética) que lles trasladen ao consumidor final e á sociedade en xeral información sobre sistemas de xestión sostible da pesca costeira artesanal.
  - ✓ Campañas de comunicación no contorno dixital dos sistemas de xestión sostibles da pesca costeira artesanal.
  - ✓ Campañas de comunicación para a concienciación sobre o tratamento de descartes.
  - ✓ Campañas promocionais en redes sociais e medios dos produtos da pesca artesanal e o seus derivados ou transformados.
  - ✓ Promoción do consumo dos produtos da pesca costeira artesanal mediante a comunicación das súas propiedades e a súa contribución a unha vida saudable.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2.

Promover a incorporación das persoas mozas e a mellora da capacitación do sector marítimo-pesqueiro.

► Liña 1.2.1: Formación e medidas sociais para as persoas do territorio e, en especial, para persoas mozas co fin de incrementar a incorporación a actividades no sector da pesca, o marisqueo e a acuicultura, e mellorar a capacitación do sector. As actuacións subvencionables son:

- ✓ Incentivos á creación de centros de formación regrada para actividades demandadas do sector da pesca, o marisqueo e a acuicultura non recollidas nos actuais plans formativos.
- ✓ Formación de persoas mozas para a adquisición de competencias, co fin de conseguir a súa profesionalización no sector marítimo-pesqueiro.
- ✓ Apoio a incubadoras para o desenvolvemento de proxectos de creación de empresas innovadoras por mulleres e persoas mozas no sector marítimo-pesqueiro.
- ✓ Formación a persoas mozas en competencias dixitais e sostibilidade, aplicables ao sector marítimo-pesqueiro.
- ✓ Introducción de contidos transversais sobre os produtos da Costa da Morte en módulos profesionais.
- ✓ Medidas para a adquisición de coñecementos para exercer como guías.

## **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2**

Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas devanditas zonas.

### **OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1.**

Colaboración con outras actividades vinculadas á economía azul para o desenvolvemento sostible do sector pesqueiro.

► Liña 2.1.1: Aplicación de innovacións tecnolóxicas aos sectores da pesca, o marisqueo e a acuicultura. As actuacións subvencionables son:

- ✓ Aplicación de innovacións tecnolóxicas nos procesos de vixilancia, seguimento do medio e dos recursos para a súa conservación e

a mellora das explotacións no sector da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

- ✓ Desenvolvemento de sistemas de información orientados á concentración da oferta das entidades do territorio e á obtención dunha maior concorrencia de clientes (proxectos colaborativos).
  - ✓ Formación e capacitación en tecnoloxías dixitais para a súa aplicación no sector marítimo-pesqueiro.
  - ✓ Formación en competencias dos profesionais do mar para a realización de actividades conexas.
  - ✓ Mellora e incremento de sistemas de información e control para a toma de decisións no sector pesqueiro.
- ▶ Liña 2.1.2: Mellora da competitividade económica e a diversificación das zonas costeiras. As actuacións subvencionables son:
- ✓ Creación e paquetización de produtos turísticos e actividades relacionadas co mar.
  - ✓ Mellora da calidade e a capacidade dos establecementos hostaleiros.
  - ✓ Apoio e fomento da creación e mellora de espazos temáticos do mar (centros cívicos, equipamentos...)
  - ✓ Accións orientadas á visibilización da cultura mariñeira.
  - ✓ Accións orientadas ao fomento do emprego e da empregabilidade en actividades relacionadas coa diversificación do sector pesqueiro e do mar.
  - ✓ Medidas para a adquisición de coñecementos para exercer como formadoras/es e guías e difusión da cultura mariñeira e o patrimonio do territorio.
  - ✓ Proxectos de colaboración entre distintos sectores (cultural, turístico, restauración...) para pór en valor o patrimonio medioambiental e cultural do territorio fóra do período estacional.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.2.

Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

- ▶ Liña 2.2.1: Aplicación de enerxías renovables e sistemas de eficiencia enerxética. As actuacións subvencionables son:

- ✓ Implantación de sistemas de xeración de enerxía sostible nas instalacións pesqueiras e a súa extensión a toda a cadea de valor da transformación e comercialización dos produtos da pesca e a acuicultura.
- ✓ Estudos e implantación de sistemas de eficiencia enerxética nas instalacións pesqueiras e portuarias e industrias auxiliares.
- ✓ Proxectos de desenvolvemento para aplicación das enerxías renovables nos procesos de transformación e comercialización dos produtos da pesca e a acuicultura.
- ✓ Incorporación de novos sistemas de xeración de enerxía, principais ou auxiliares, máis eficientes e que reduzan as emisións no procesos de transformación e comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura.
- ✓ Adquisición de sistemas de conservación e conxelación máis eficientes dende o punto de vista enerxético e que melloren a calidade do produto nos procesos de transformación e comercialización dos produtos da pesca e acuicultura.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.3.

Implantación de procesos de reciclaxe e redución de residuos.

- ▶ Liña 2.3.1: Conservación do medio e reciclaxe de residuos ao longo de toda a cadea de valor do sector marítimo-pesqueiro. As actuacións subvencionables son:
  - ✓ Promoción de empresas e procesos que xeren novos produtos a través da reutilización dos residuos do sector marítimo-pesqueiro.
  - ✓ Formación e desenvolvemento de campañas en materia de sosti-bilidade medioambiental e economía circular. ⑦Desenvolvemento e mellora de sistemas de xestión de residuos do territorio e a súa valorización.
  - ✓ Formación para a adquisición de competencias vencelladas a unha mellora da xestión e conservación dos recursos mariños vivos e dos ecosistemas.
  - ✓ Apoio a proxectos e colaboracións de entidades de economía circular, asociacións de colectivos desfavorecidos e sector pes-queiro en actuacións de economía circular e sosti-bilidade.

### **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3**

Impulso e aproveitamento do patrimonio ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo as operacións de mitigación do cambio climático.

#### **OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1.**

Reforzo e posta en valor dos elementos medioambientais

- ▶ Conservación, recuperación e posta en valor de elementos ambientais do mar
  - ✓ Educación e capacitación en materia medioambiental, cambio climático e promoción dos valores da sostibilidade e ética do territorio costeiro e do Mar
  - ✓ Mantemento do valor ambiental e natural do territorio, incluíndo medidas de mitigación das consecuencias do cambio climático
  - ✓ Proxectos sustentables de xestión, protección, vixilancia, conservación ou recuperación dos recursos mariños e marisqueiros, especies e hábitats costeiros. Plans de recuperación da biodiversidade.
  - ✓ Aplicación de novas tecnoloxías para alcanzar un maior coñecemento do medio e dos recursos para a súa conservación, como sistemas de xestión das explotacións pesqueiras, marisqueiras e acuícolas máis eficientes
  - ✓ Estudos sobre o cambio climático e os seus efectos no territorio. Desenvolvemento de protocolos e plans de continxencia.
  - ✓ Aplicación das novas tecnoloxías para a difusión do patrimonio ambiental do territorio e posta en valor dos recursos turísticos relacionados con espazos naturais, que leven aparelladas actividades medioambientais e culturais, observatorios medioambientais ou plans formativos.

### **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4**

Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo.





#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.1.

Reforzo e posta en valor dos elementos medioambientais.

► Liña 4.1.1. Recuperación de elementos patrimoniais materiais e inmateriais. As actuacións subvencionables son:

- ✓ Recuperación de elementos patrimoniais do territorio e, en especial, do conxunto do xeodestino Costa da Morte.
- ✓ Aplicación das TIC como ferramenta de xeración de contidos e
- ✓ difusión, preparación ou interacción durante a visita ao xeodestino Costa da Morte.
- ✓ Adaptación dos produtos e elementos da oferta do xeodestino para o turismo accesible.
- ✓ Apoio a proxectos de provisión e fornecemento de recursos á oferta do xeodestino Costa da Morte.
- ✓ Aplicación das novas tecnoloxías ao sector turístico do territorio para a mellora da competitividade, incluído a difusión do patrimonio e a cultura mariñeira da zona.

- ✓ Desenvolvemento de actividades baseadas no patrimonio cultural que procuren a dinamización do territorio, como as accións levadas a cabo en conxunto polos distintos sectores, por exemplo, o sector turístico, o cultural, o social, o da hostalería e a restauración, e o pesqueiro.
- ✓ Dixitalización do patrimonio cultural con traballos que inclúan rexistro, reconstrucións dixitais, difusión ou plans de formación, tanto de patrimonio material como inmaterial, incluíndo a cultura mariñeira.

PUNTOS	COFINANCIAMENTO (*)
< 40 puntos	0%
40 a 40,99 puntos	35%
Puntuación de 41 a 79,99 puntos	Proporcional
80 ou máis puntos	50%

(\*) Se a operación está vinculada á pesca costeira artesanal e é de interese colectivo e beneficiario colectivo, a axuda incrementarase nun 50%.

(\*\*) Se a operación se leva a cabo por organizacións de pescadores ou beneficiarios colectivos do sector pesqueiro, a axuda incrementarase nun 10%.

## OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.2.

### Mellora do benestar social.

» Liña 4.2.1. Mellora da calidade de vida da poboación costeira. As actuacións subvencionables son:

- ✓ Medidas de conciliación da vida familiar e laboral que faciliten a incorporación da muller ás actividades pesqueiras relacionadas co mar en igualdade de condicións.
- ✓ Apoio a proxectos promovidos ou destinados a colectivos desfavorecidos e capacitación e mellora da empregabilidade destes en actividades relacionadas co mar ou as industrias auxiliares.
- ✓ Mellora dos servizos e equipamentos, incluídas ferramentas dixitais, destinados á mellora da calidade de vida das familias mariñeiras.
- ✓ Medidas de formación e apoio a persoas emprendedoras do mar e aceleración de empresas.

## **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5**

Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.

### OBXECTIVO ESPECÍFICO 5.1.

Desenvolvemento e mellora de procesos de gobernanza.

▶ Liña 5.1.1: Creación de ferramentas de colaboración para a mellora da gobernanza. As actuacións subvencionables son:

- ✓ Colaboración dentro do propio sector pesqueiro ou con outros sectores, medidas que contribúan á evolución do sector pesqueiro e melloren a xestión das explotacións, ou ampliación das competencias.

## **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6**

Cooperación.

### OBXECTIVO ESPECÍFICO 6.1.

Cooperación para a mellora da competitividade do sector pesqueiro e a vertebración do territorio.

▶ Liña 6.1.1: Conxunto de accións potenciais de colaboración con outros GALP. As actuacións subvencionables son:

- ✓ Promoción do consumo de produtos pesqueiros locais da pesca costeira artesanal, do marisqueo e da acuicultura, que garantan a súa rastrexabilidade.
- ✓ Proxectos que impliquen a innovación e/ou transformación dos recursos e/ou produtos ou subprodutos do mar.
- ✓ Proxectos que reforcen a alimentación saudable: consumo de proximidade de produtos do mar ou con produtos do agro.
- ✓ Proxectos de turismo mariñeiro ou pesca e turismo.

MATRIZ MULTICRITERIO			
Nº	CRITERIOS	VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO
<b>1</b>	<b>Viabilidade</b>	<b>6</b>	<b>15</b>
1.1	Técnica	3	7
1.2	Economía financeira	3	5
1.3	Colaboración con outras entidades / proxecto conxunto		3
1.4	Comercial / plan de comunicación e difusión		3
<b>2</b>	<b>Creación de emprego</b>	<b>0</b>	<b>19</b>
2.1	Creación de emprego		
2.2	Traballadoras/es do mar e familia mariñeira ata o 1º grao		
2.3	Traballadoras/es cociente investimento		
2.4	Mocidade ou maiores de 45		
<b>3</b>	<b>Creación de emprego / inclusión do promotor en colectivos desfavorecidos</b>	<b>0</b>	<b>3</b>
<b>4</b>	<b>Protección da biodiversidade e conservación de recursos e medio</b>	<b>0</b>	<b>8</b>
4.1	Actividade sostible		2
4.2	Explotación sostible de recursos		5
4.3	Medidas para conservar o medio e os recursos do territorio		2
4.4	Accións de concienciación ou formación		2
<b>5</b>	<b>Economía circular</b>	<b>0</b>	<b>3</b>
<b>6</b>	<b>Impacto sobre o territorio</b>	<b>0</b>	<b>8</b>
6.1	Efecto económico ou dinamizador		2
6.2	Social		2
6.3	Concellos / territorial		2
6.4	Cultural		2
<b>7</b>	<b>Transformación dixital, innovación e promoción das novas tecnoloxías</b>	<b>0</b>	<b>8</b>
7.1	Utilización de novas tecnoloxías (incluídas as TIC)		5
7.2	Singularidade do proxecto / carácter innovador		5
<b>8</b>	<b>Mitigación e/ou adaptación ao cambio climático e transición enerxética</b>	<b>0</b>	<b>6</b>
<b>9</b>	<b>Creación de emprego / Igualdade de oportunidades</b>	<b>0</b>	<b>8</b>
9.1	Promoción do proxecto por mulleres ou porcentaxe de representación de mulleres no consello de administración		2
9.2	Emprego feminino xerado		
9.3	Existencia ou compromiso de execución dun plan de igualdade de xénero		2
9.4	Participación de colectivos desfavorecidos		2
9.5	Accesibilidade		2
<b>10</b>	<b>Promotor do sector pesqueiro</b>	<b>0</b>	<b>10</b>
<b>11</b>	<b>Adecuación coa estratexia do GALP Costa da Morte</b>	<b>0</b>	<b>12</b>
11.1	Comercialización ou transformación de produtos pesqueiros		4
11.2	Diversificación do sector do mar		4
11.3	Impulso do aproveitamento ambiental do territorio		4
11.4	Fomento do benestar social e do patrimonio cultural		4
11.5	Refuerzo da gobernanza no sector pesqueiro		4
	<b>Total</b>	<b>40</b>	<b>100</b>

- ✓ Proxectos de aproveitamento dos recursos do mar e dos residuos xerados nas actividades pesqueiras para novos usos.
- ✓ Promoción da conexión das actividades náuticas (deportivas, recreativas, turismo) co sector pesqueiro ou coa posta en valor dos recursos do mar.
- ✓ Proxectos de valorización do patrimonio cultural material e inmaterial sobre os recursos e a cultura marítimo-pesqueira.
- ✓ Proxectos de posta en valor do contorno ambiental da zona costeira, que impliquen o sector ou os produtos pesqueiros.
- ✓ Proxectos que reforcen a economía circular nas actividades marítimo-pesqueiras.
- ✓ Proxectos que impliquen a dignificación dos oficios (tradicionalis e actuais) marítimo-pesqueiros.
- ✓ Proxectos innovadores que incidan no relevo xeracional no sector pesqueiro.
- ✓ Proxectos que reforcen o apoderamento das mulleres no sector, fomenten o asociacionismo, e melloren as condicións de traballo e a súa visibilidade.
- ✓ Proxectos que promovan unha maior vinculación das entidades de inclusión social coas actividades marítimo-pesqueiras ou o sector pesqueiro.
- ✓ Proxectos que poñan en valor boas prácticas ou intercambio de experiencias na execución do Fondo.
- ✓ Proxectos de mellora da gobernanza nas confrarías de pescadores e de reforzo do seu liderado na dinamización do territorio.



## **QUE CRITERIOS SE AVALÍAN PARA A SELECCIÓN DOS PROXECTOS?**

A EDLP “Mirando polo mar” do GALP Costa da Morte persegue os seguintes obxectivos estratéxicos:

### **CAL É A INTENSIDADE DA AXUDA?**

A intensidade de axuda dependerá da puntuación acadada no proxecto presentado, cuxa escala é a seguinte:

### **CAL É O IMPORTE MÁXIMO DA AXUDA?**

O importe máximo establecerase en función da tipoloxía do proxecto, tal e como se explica a continuación:

- ▶▶ Para proxectos do sector pesqueiro artesanal: 300 000 €.
- ▶▶ Para proxecto de interese colectivo e beneficiario colectivo promovido polo sector pesqueiro: 250 000 €
- ▶▶ Para proxectos non promovidos polo sector pesqueiro ou promovidos polo sector pesqueiro non artesanal nin de interese e beneficiario colectivo: 200 000 €
- ▶▶ Para proxectos suxeitos a regulamentos de exención de axudas de estado: 200 000.

# AXUDAS EDLP ASOCIADAS AO GALP COSTA DA MORTE

## PROXECTOS SUBVENCIONABLES

Deberán incluír as actuacións recollidas da EDLP do GALP Costa da Morte que cumpran con algún dos seguintes obxectivos:

- ▶ Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministración dos produtos da pesca e da acuicultura, e mellora da imaxe destes produtos e da actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.
- ▶ Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas.
- ▶ Impulso e aproveitamento do patrimonio ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo as operacións de mitigación do cambio climático.
- ▶ Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo.
- ▶ Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.

## PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán concorrer de maneira individual ou conxuntamente, como unha agrupación de entidades:

Pequenas e medianas empresas, persoas traballadoras autónomas e entidades sen ánimo de lucro (confrarías de pescadores e as súas federacións, asociacións profesionais do sector pesqueiro, entidades sen ánimo



de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións, entidades públicas locais, asociacións declaradas de utilidade pública e entidades sen ánimo de lucro cos seguintes obxectivos nos seus estatutos: fomentar as actividades náuticas, promocionar os produtos pesqueiros do territorio, coidar o medio mariño e costeiro e promover o patrimonio cultural marítimo-pesqueiro) do sector pesqueiro e as súas federacións que teñan o seu domicilio fiscal e social en Galicia e desenvolvan o proxecto nalgún dos seguintes concellos: Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, A Laracha, Laxe, Malpica, Muxía, Ponteceso e Vimianzo.

## REQUISITOS

Con carácter xeral, os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- ▶▶ Apoiar o logro da prioridade 3 do FEMPA e ser coherentes coa EDLP aprobada para o GALP Costa da Morte.
- ▶▶ Estar localizados no ámbito territorial de aplicación da estratexia do GALP Costa da Morte.
- ▶▶ Ser viables técnica, financeira e economicamente.
- ▶▶ Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto. En particular, aplicarase a lexislación en materia de accesibilidade para as persoas con discapacidade e en materia ambiental, cando corresponda polo obxecto das operacións.
- ▶▶ Non estar iniciados na data de presentación da solicitude da axuda.
- ▶▶ Nos supostos de proxectos para investimentos que supoñan a realización dunha actividade económica e que se amparen no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de minimis (DO L 352, do 24 de decembro), exixirase a creación, como mínimo, dun posto de traballo a tempo completo (1 UTA).

## GASTOS SUBVENCIONABLES

- ▶▶ As accións e proxectos previstos ao abeiro desta orde débense corresponder con accións subvencionables, segundo o disposto no Regulamento (UE) 2021/1139, na súa normativa de aplicación e desenvolvemento, e no programa do FEMPA.

- ▶ Os gastos subvencionables son os custos efectivamente asumidos polo receptor dunha subvención e que se axustan aos seguintes requisitos xerais:
  - ✓ Que se efectuasen ao longo da duración da acción ou do programa de traballo.
  - ✓ Que se consignasen no orzamento estimado total da acción ou do proxecto.
  - ✓ Que sexan necesarios para a execución das actuacións obxecto da subvención.
  - ✓ Que sexan identificables e verificables, en particular, que consten na contabilidade da persoa beneficiaria e se determinasen de acordo coas normas contables aplicadas no país no que está establecida, e de conformidade coas prácticas contables habituais da persoa beneficiaria en materia de gastos.
  - ✓ Que cumpran co disposto na lexislación fiscal e social aplicable.
  - ✓ Que sexan razoables e xustificados e cumpran co principio de boa xestión financeira, en especial no referente á economía e á eficiencia.
  - ✓ Que presenten a mellor relación entre o importe da axuda, as actividades emprendidas e a consecución dos obxectivos.
  
- ▶ Os custos relativos ás garantías constituídas de acordo co artigo 65 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando se exixan en virtude do artigo 152, número 1 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046.
- ▶ Os custos de persoal contratado especificamente para a execución das actividades do proxecto. O contrato laboral fará mención expresa ao proxecto.
- ▶ No caso de investimentos en centros sociais, así como o seu acondicionamento e equipamento, a contía máxima de axuda por cada proxecto que supoña un investimento en creación, reforma ou ampliación dun local social non poderá exceder os 80 000 euros por proxecto.
- ▶ Nos proxectos en que se precise execución de edificación, a contía máxima para calcular o importe da axuda será a que figure no orzamento total do proxecto técnico, anteprojecto valorado ou documento que corresponda á suma de todas as partidas del.

- ▶▶ No caso de elementos de transporte terrestre, serán subvencionables exclusivamente los que contengan distintivo ambiental Etiqueta 0 emisiones, Azul (eléctricos de batería BEV), eléctricos de autonomía estendida (REEV), eléctricos híbridos enchufables (PHEV) o Etiqueta eco: vehículos híbridos, gas o ambos.



# ESTRATEGIAS DO GDR COSTA DA MORTE. AXUDAS A EMPRESAS DA COSTA DA MORTE

JOSÉ ANTONIO VILA GARCÍA  
XERENTE



## TIPOS DE PROXECTOS

- ▶▶ **Produtivos:** supoñen a realización dunha actividade económica.
- ▶▶ **Non produtivos:** Non supoñen o inicio dunha actividade económica ou, si hai actividade económica, o beneficio neto é menor o igual ao calor de capitación da inversión ao tipo legal do diñeiro.

## BENEFICIARIOS

- ▶▶ **Proxectos produtivos:** Persoas físicas e xurídicas e pequenas empresas.
- ▶▶ **Proxectos non produtivos:** Concellos, entidades sen ánimo de lucro, CMVMC e MMVMC.

## TIPOLOXÍA DE PROXECTOS PRODUTIVOS SUBVENCIONABLES

Sector da produción agraria primaria:

- ▶▶ Mellora da eficiencia enerxética (mínimo 40%)
- ▶▶ Emprego de enerxías renovables
- ▶▶ Mellora da Biodiversidade e a conectividade ecolóxica (ata 10.000€ axuda).
- ▶▶ Actividade agraria complementaria dunha non agraria (ata 30.000 euros Inv).
- ▶▶ Pequenos proxectos sen liña na Consell MR (ata 40.000€ Inv)
- ▶▶ Proxectos vinculados a Instrumentos de Mobilidade e Recuperación de Terra.

Transformación e comercialización de produtos agrarios

- ▶▶ (85% ou mais das materias primas serán do anexo I do tratado UE)  
Máximo orzamento subvencionable: 60.000,00€

Transformación e comercialización de produtos forestais (Anteriores á 1ª transf. Industrial da madeira).

- ▶▶ Uso da madeira como M.P. e fonte de enerxía, quebra de madeira e/ou pelets.
- ▶▶ Bioproductos forestais (resinas ou similares)
- ▶▶ Produción de cogumelos Baixo substrato forestal
- ▶▶ Equipamento, recolla e procesamento da castaña
- ▶▶ Mínimo 15 Ha sup para CMVMC, MMVMC e Agrupación de propietarios
- ▶▶ Mínimo 50% factur uso da madeira como MP e Fonte de enerxía

## CREACIÓN, MODERNIZACIÓN OU AMPLIACIÓN DE EMPRESAS NON AGRARIAS

Bono Activa Rural

- ▶▶ Persoas Físicas
- ▶▶ Actividades Non Agrícolas

- ▶▶ Non estar dados de alta nos 3 últimos anos na mesma actividade
- ▶▶ Crear polo menos o seu posto de traballo
- ▶▶ A axuda non se vincula a unha inversión, se non á actividade e ao plan empresarial durante 5 anos

## PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Proxectos de interese público/colectivo que non haxa actividade económica:

- ▶▶ Servizos de Igualdade e benestar, centros de inclusión, coidado de maiores e escolas infantís, Centros de formación, accesibilidade ás TICs, enerxías alternativas,...
- ▶▶ Investimentos dirixidos ao mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural. Centros Sociais, Puntos de información turística, valorización de produtos agroalimentarios e turísticos,...
- ▶▶ Investimentos referidos á creación, mellora ou ampliación de servizos á poboación (tales como actividades recreativas e de lecer, xunto coas correspondentes infraestructuras a pequena escala, ...

## LIMITACIÓNS SECTORIAIS

- ▶▶ Sector Turístico: Para os investimentos en establecementos turísticos e do sector da hostelería rexerá o convenio entre AGADER – TURISMO
- ▶▶ Sector de Enerxías Renovables: Exclúese a venda á rede
- ▶▶ Sectores de Servizos e Comercio polo miúdo: A EDLP definirá o que é subvencionable e o que non.
- ▶▶ Nas empresas de Servizos agrarios/forestais non será subvencionable a compra de maquinaria.
- ▶▶ Centros sociais: A EDLP define os que son subv ou non e en que núcleos.

## REQUISITOS

- ▶▶ Estar localizados no ámbito territorial do GDR
- ▶▶ Ser viables técnica, económica e financeiramente
- ▶▶ Axustarse á normativa sectorial (UE, estatal e galega)



- » Non estar iniciados (- terreos, permisos, estudos viabilidade)
- » Ser finalistas
- » Adecuarse a EDLP

A Seleccións de proxectos faise por concorrencia competitiva.

#### **GASTOS SUBVENCIONABLES**

- » Construción, adquisición e mellora de inmobles
- » Compra de terreos
- » Maquinara e equipamento novos
- » Investimentos intanxibles (programas, webs, estudos,...)
- » Custes Xerais (honorarios, asesoramento, estudos,...)
- » Gastos notariais e rexistrais, patentes, marcas,...
- » Medios e equipos de transporte

#### **LÍMITES E % DE AXUDA**

- » Hai un baremo para proxectos produtivos e outro para proxectos non produtivos, cunha nota de corte (15 puntos). Axuda mínima do 20% para proxectos produtivos; e do 30% para proxectos non produtivos.
- » Proxectos produtivos. Ata o 40% de axuda e máx 125.000€
- » Proxectos Non Produtivos. Máximo 38.000€/promotor



- ✓ Prioridade alta: % máimo do 90%
- ✓ Prioridade media: % máximo do 70%
- ✓ Prioridade baixa: % máximo do 50%

## **ONDE HAI QUE PRESENTAR AS SOLICITUDES DE AXUDA?**

A través Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

- ▶▶ As Entidades Públicas
- ▶▶ As Persoas Físicas
- ▶▶ As Persoas Xurídicas de carácter Privado
- ▶▶ As CMVMC e as MMVMC

CONCELLO DE  
VIMIANZO

CONCELLO DE  
VIMIANZO

CONCELLO DE  
VIMIANZO





CONCELLO DE  
VIMIANZO

CONCELLO DE  
VIMIANZO

CONCELLO DE  
VIMIANZO

CONCELLO DE  
VIMIANZO





D. Francisco X. Boya Abo  
Secretario X. Boto Demográfico  
Ministerio T. E. e R. Demográfico

